

TEMA 15 Ss. XVIII – XIX

=

GOYA

https://youtu.be/rsI3qyF5SvA?list=PLeEzCJHXCIX36JuJ8H_AtWakHqKI286VZ

AS OBRAS OBXECTO DE ESTUDIO para as EBAU
Ss.XVIII- XIX

GOYA

- 1) *O quitasol*
- 2) *A familia de Carlos IV*
- 3) *O dous de Maio (A carga dos Mamelucos).*
- 4) *Os fusilamentos do 3 de Maio.*
- 5) *Saturno devorando ao seu fillo..*

Ss. XVIII - XIX GOYA


FRANCISCO DE GOYA

FRANCISCO De GOYA e LUCIENTES (1746-1828), figura culmen da pintura española dos Ss. XVIII / XIX, é un dos grandes pintores da Hª da arte

Nado de Fuendetodos, ARAGÓN, educado en Zaragoza no taller de F. Luzán; vai a Madrid e Italia para continuar estudos.

Conoce a BAYEU -casa coa irmá- pintor de CARLOS III e entra na corte con encargos de CARTÓNS para a R. FÁBRICA de TAPICES 1775-80:

A maja e os embozados; O quitasol; A galiña cega; O cacharreiro, etc.



En 1792 enferma e queda xordo marcando o seu carácter e obra: gaña en *profundidade* e *orixinalidade* (GOYA non é, como VELÁZQUEZ, xenio precoz; é froito da lenta evolución e non alcanza un estilo persoal ata pasados os corenta anos).

Liberal e ilustrado, a Guerra da Independencia e a reacción absolutista deixaron fonda pegada; co fracaso do *trienio liberal* (1820-23), deixa España e vaise a Burdeos onde falecerá en 1828.

O PINTOR FRANCISCO DE GOYA

Vicente López

Óleo sobre lenzo; fondo verde.

95,5 cm X 80,5 cm

1826. Museo do Prado, Madrid, España.



Ademais de **PINTOR** (*destaca no xénero do retrato*) desenvólvese como **GRAVADOR** (*auga-fortes, litografías* etc) con **series** maxistras como *Os Caprichos*, *Os Desastres da Guerra*, *A tauromaquia* ou *Os Disparates*. Usa, quizá por 1ª vez, novas técnicas como o **aguatinta** e a **litografía**.



CAPRICHOS
Serie de 80 gravados.

Sátira da sociedade española de finais do S. XVIII, da nobreza e do clero.
1797 y 1798

"O soño da razón produce monstruos"

GRAVADO: disciplina artística.
Úsanse diferentes técnicas de impresión

OS DISPARATES OU OS PROVERBIOS:
Serie de 22 gravados ao aguafuerte e aguatinta.
1815-1816 e 1824 pouco antes de abandonar España.

Disparate nº 1. Disparate femenino



A **orixinalidade** de **GOYA** radica na súa *perfecta adecuación ás circunstancias do seu tempo*.

Na súa pintura **refléctese** a **evolución** da **PINTURA EUROPEA** desde o **rococó** ata o **romanticismo** pasando polo período **neoclásico**.

'RETRATO DE MARIANO GOYA"
NETO do ARTISTA
Unha das últimas pinturas de
Francisco de Goya
1827.



FICHA TÉCNICA: FRANCISCO DE GOYA E

LUCIENTES 1746-1828

OBRA- TÍTULO: *O Quitasol* AUTOR: GOYA

UBICACIÓN: Museo do Prado. Madrid.

COMITENTE: Real Fabrica de tapices

TEMÁTICA/Función: *Costumista; temática de Majos.*

Aparecen 2 figuras: unha moza vestida á francesa e un criado ou “cortexo” (acompañantes das mulleres casadas de elevada clase social)

ESTILO: *Transición Rococo - Neoclásico*

CRONOLOXÍA: 1777-78 3º 1/4 S.XVIII.

MATERIAIS/TÉCNICA: Cartón para facer tapiz; despois óleo sobre lenzo.

CARACTERÍZASE: _é um **cartón** para a R. FÁBRICA DE TAPICES DE SANTA BÁRBARA, da serie do comedor do infante Carlos; Goya acada fama nos 1ºs anos de estancia na Corte, e se lle abren as portas para traballos posteriores. A obra observa á sociedade aristocrática e plasma o que ve. **Resultado:** pinturas costumistas da sociedade de finais do S. XVIII.

DIMENSIÓNS: 104 x 152 cms.

OUTRAS OBRAS:

A Familia de Carlos IV; O 2 de maio de 1808 en Madrid”, Os Fusilamentos do 3 de Maio ; Saturno devorando aos sus fillos; A leiteira de Burdeos;





O QUITASOL é un cartón para tapiz *dos máis rechamantes* de **GOYA**; un canto á **mocidade**.

Centra a **atención** no **sorriso** e o **xesto sedutor** da **rapariga**, mirando ao **espectador** para participar do **galanteo**.

É una **escena costumista**:

Un **mozo** quita o **sol** cunha **antuca** de cor **verde**; no mandil branco da moza aníñase un canciño **negro** cunha cinta vermella.



Ano de 1777 *O Bebedor*



1777-78

O interese pola **LUZ** de **GOYA** no *Bebedor* parella do *Quitasol* dáse nesta escena.

A **antuca** ou *quitasol* **sombrea** diferentes zonas; a **luz solar** resalta as **cores** onde **incide**.

Os **tons cálidos** (**amarelos**) **alegran** á **composición**, reforzada coas **expresións** das **figuras**.

A **pincelada solta** apréciase no **canción**



O *Quitasol* é un dos cartóns modelos para tapices do comedor dos Príncipes de Asturias (futuro *Carlos IV* e esposa) no Palacio do Pardo; trasladouse ao óleo e acabará no MUSEO DO PRADO.





Dentro da ANÁLISE Iconográfica, deberemos sinalar que é una **escea costumista** da **época**, influencia da **MODA GALANTE FRANCESA**; o **orixinal** vese no **espontáneo** e na **alegría**.

A **moza**, de porte **aristocrática**, viste á **moda francesa** e mira **seductoramente** ao espectador acompañada dun *posible* **criado** que viste de "**majo**" e lle quita o sol cunha antuca verde.




Non se determina se o mozo só acompañaa ou existe certo flirteo.

No **colo** da **moza** o **cancino**
negro con *lazo* **vermello**
adormecido.

No fondo unha **paisaxe**
algo *vaporosa* nas **cores** e unha
parede lateral




Na ANÁLISE da COMPOSICIÓN sinalar que está pechada pola parede e árbore e a *paisaxe*, con eixo de simetría coa *parella* no centro, en especial co mozo.



O punto de tensión é o
rostro da moza; centra a
nosa mirada.


O rostro da moza
matízase con tons verdes
reflexo da cor da antuca.
[https://www.geogebra.org/
m/vzn6sm4c](https://www.geogebra.org/m/vzn6sm4c)






Na **composición** os **personaxes** poderíanse encadrar nun gran triángulo; hay outro que enmarca á **moza** e transmiten **serenidade**,

Aprecianse **estruturas diagonais**: a **liña da parede** **contrarresta** a **diagonal da árbore** como formando unha **V** que **atravesa** as **nubes**



Distínguese na **composición** a **forma oval** no rostro da muller onde se **cruzan 2 diagonais** determinadas pola **dirección da mirada** do **majo** e a **liña do muro** prolongado no mango da antuca.

Ten **importancia** o debuxo na **antuca**, e no **escote**.





Ten *gran* **relevancia** a luz e os efectos.

A antuca ou parasol matiza e sombrea zonas; noutras *a forte incidencia do sol* destaca os **tons amarelos** que dotan á escena de *gran* **alegría**

Composición simple,
mui equilibrada
(piramidal)

Diagonal do rectángulo do cadro
determinan a perspectiva da
parede do fondo e a posición do
parasol

Escenas da vida popular
con personaxes
idealizados e galantes
(simpáticos e simpáticas)


Diversidade de tonalidades, brillos e
reflexos. Exemplo de matizacións de
paleta: rostro de muller rosado ten
transparencias verdosas como reflexo do
quitasol mentres que cara de moza está
plenamente bañada de luz solar.
(problemas con fábrica de tapices por
dificultade de trasladar tantas gradacións a
fíos de tea)

Atmósferas luminosas
e alegres

Minuciosidade nos
pequenos detalles

Cartón para tapiz
levado ao óleo
sobre tela

Trajes folclóricos
de gran viveza
cromática



Francisco de Goya y Lucientes

Primeira etapa

O quitasol



De cores luminosas, predominan tons pastel do **ROCOCÓ**; destacan

1-o **amarelo** e **azul** da **moza**

2-o **secundario verde** da **antuca**

3-os máis **apagados** da zona matizada pola antuca: **ocres** do **majo**, os **tons verdosos** do pescozo da **moza**.

A **pincelada** empeza a ser **solta** no **canciño**.

Os tons pastel son aqueles que incorporan cor branca, resultando cores claras, suaves, de tendencia doce. O rosa, o azul, amarelo, o verde, o lila, o salmón... Na súa versión máis suave

Non hai moita **PROFUNDIDADE** insinúase algo coa paisaxe vaporoso con *sfumato* e coa dirección do mango.

O **RITMO**, *estático* vén marcado polo xogo de *miradas* do *majo* á *moza* e desta aos *espectadores*.

A **EXPRESIÓN** é *alegre* polas actitudes da parella e polos tons cálidos.



Polo **CONTEXTO** do autor, é una obra da **1ª etapa**, de **optimismo** coa **ILUSTRACIÓN**.. O **medo** á **RF** trae **involución** e o **pesimismo** que aumenta coa **XORDEIRA**.

A **1ª ETAPA** ata **1792** pola **xordeira**, é dos **cartóns** para a **Real Fábrica de Tapices de Santa Bárbara**, de **temas populares, festivos, alegres**:

“A vendima”, “O quitasol”, “A pradería de San Isidro”, ...

Hai **influencia ROCOCÓ** e **NEOCLÁSICA**: **debuxo, ordenación xeométrica,, tons pastel**

A pradería de San Isidro



O cacharrero,



O albanel ferido ,



O pelele





Coa **XORDEIRA**
evoluciona ao sarcasmo: “*O cacharreiro*”, “*O pelele*”, ...
Hai **certa crítica social** nos
aspectos máis expresivos.

Tamén realiza os
1ºs retratos: “*Carlos III de
caza*”; “*Floridablanca*”, ...



FICHA TÉCNICA: FRANCISCO DE GOYA e

LUCIENTES

1746-1828

OBRA- TÍTULO: *A Familia de Carlos IV*

UBICACIÓN: Museo do Prado. Madrid.

AUTOR: **GOYA**

COMITENTE: a Casa Real; o rei.

TEMÁTICA / Función: **Retrato de familia Real.**

ESTILO: **NEOCLÁSICO**

CRONOLOXÍA: 1800- 01; S. XIX.

MATERIAIS / TÉCNICA: óleo sobre lenzo.

CARACTERÍZASE: Goya, como Velázquez inclúese dentro do cadro; fai bocetos previos. O cadro causa agobio, apenas hai espazo, sen punto de fuga. Non hai naturalidade de instantánea das Meninas; a pose é fría e calculada. Composición de friso, NEOCLÁSICA, coa Raíña no centro, despraza ao Rei do lugar de privilexio.

DIMENSIÓNS: 280 cm x 336 cms.

OUTRAS OBRAS: *O Quitasol; O 2 de maio de 1808 en Madrid; Os Fusilamentos do 3 de Maio; Saturno devorando aos sus fillos; A leiteira de Burdeos;*



Xunto á **actividade** como **CARTONISTA**, **GOYA** realiza **retratos** para a nobreza madrileña:

“A Condesa de Chinchón”, “A Familia do Duque de Osuna”, etc.

Adquire **prestixio** e en **1799** é nomeado **1º PINTOR DE CÁMARA**. Pouco **despois** realizará *“o retrato da familia de Carlos IV”* (**1800**).






No **cadro**, na **versión definitiva** traballa **GOYA** ata xuño de **1801**.

Un **ASPECTO DESTACABLE** deste complexo cadro é o **AUTORRETRATO** do **PINTOR** *traballando* no gran lenzo ás costas da familia real, *ladeado* e en *sombra*, polo recordo indubidable das **MENINAS** de **VELÁZQUEZ**

Hai bocetos previos do verano do 1800




Infante Carlos María Isidro




Infante Francisco de Paula



Infanta
María Josefa



Luis de Borbón, príncipe
de Parma y rey de Etruria



Infante Antonio Pascual



As **similitudes** coa obra de **VELÁZQUEZ** acaban aquí.

Fronte á **SENSACIÓN** de **ESPAZO**, de **ATMOSFERA** nas **MENINAS**, na **FAMILIA DE CARLOS IV** a **SENSACIÓN** é de **AFOGO**; falta espazo, ao carecer de **punto de fuga** e situar a todos os **personaxes** en **ringleira** e en **plano único**, roto pola **posición** adiantada dalgúns pés.



Non hai naturalidade de
instantánea das **MENINAS**, a pose é fría
e calculada.



O **esplendor** *aparente* das **roupaxes** non oculta **certa** **simpleza** de quen rexía **España**, ou a **mirada fría** do **futuro FERNANDO VII** (de **azul** á esquerda), ou o **rostro bonachón** do **Rei** etc.

Mais aló de **adular**, **GOYA** non oculta as súas **simpatías** polo **REI** e os **infantes** e a súa **antipatía** pola **Raíña** e polo **Príncipe de Asturias**.





Os **personaxes** do cadro están **identificados**

Rey e Raiña María Luisa, cos infantes e o príncipe de Asturias, a irmá de Carlos IV e, á dereita, o seu irmán Antonio coa súa muller e os príncipes de Parma.

Non puido identificarse á **muller** que aparece á beira do príncipe **Fernando** co rostro volto cara ao fondo; podera ser a futura **muller** de **Fernando VII** aínda descoñecida



A **COMPOSICIÓN** é de **FRISO, NEOCLÁSICA**; a **Raíña**, no **centro**, *despraza* ao **Rei** do *lugar de privilexio*, se ben o **príncipe de Asturias** e **Carlos IV** están *mais adiantados*.

O **resto** dos personaxes están **dispostos** *simetricamente* a **ambos** **lados**.



O **ACABADO** **non** é moi académico, usa a técnica **PRE-IMPRESIONISTA**” dos últimos **CARTÓNS**, de *toque lixeiro* e *espontáneo*, entre o acabado pulido e preciso do **CRISTO** que pintou para o seu ingreso na Academia de San Fernando e a *soltura técnica* dos **bosquexos** da obra.

Na **PALETA** predomina a gama **fría** con *preferencia* de *pratas* e *azuis*







Aparecen retratados, de esquerda a dereita, os seguintes personaxes: Carlos María Isidro, fillo dos reis; o futuro Fernando VII, primoxénito real; Goya pintando, como Velázquez nas Meninas; Dona María Josefa, irmá de Carlos IV; personaxe descoñecido podería ser o rostro da futura esposa de Fernando e aparece coa cabeza volta; María Isabel, filla menor dos reis; a raíña María Luisa de Parma no centro da escena, sinal de poder, era ela quen levaba as rendas do Estado con Godoy; Francisco de Paula da man da súa nai, (diciáse que tiña un indecente parecido con Godoy); o rei Carlos IV, posición avanzada respecto ao grupo; tras o monarca o seu irmán, Don Antonio Pascual; Carlota Joaquina, a filla maior dos reis, só a cabeza; pecha o grupo D. Luís de Parma; a súa esposa, María Luisa Josefina, filla tamén de Carlos IV; e o filliño de ambos, Carlos Luís, en brazos da súa nai.

Francisco de Goya

Doña María Josefa, hermana de Carlos IV.

Carlos IV, rey de España. Abdicó en 1808 en su hijo Fernando

Don Antonio Pascual, hermano de Carlos IV.

Doña Carlota Joaquina, hija mayor de los reyes.

Don Carlos María Isidro. Iniciador de las guerras Carlistas a la muerte de Fernando VII

La Familia de Carlos IV, por Francisco de Goya.

Doña María Luisa, su marido Don Luis de Borbón y su hijo, reyes de Etruria durante algunos años.


Fernando VII, Príncipe de Asturias, sucesor de Carlos IV, último rey absoluto que reinó en España.

Esta princesa representada con la cabeza vuelta sería la futura esposa de Fernando VII, que entonces aún no tenía novia.

Doña María Isabel, madre de María Cristina, que sería cuarta esposa de Fernando, y por tanto, abuela de Isabel II.

María Luisa de Parma, reina de España, muy desprestigiada por su supuesta tendencia a mantener relaciones amorosas con otros hombres y por su intromisión en la política del momento.

Don Francisco de Paula, padre del futuro Francisco de Asís, marido de Isabel II.





**FICHA TÉCNICA: FRANCISCO DE GOYA E
LUCIENTES 1746-1828**

OBRA- TÍTULO: *O 2 DE MAIO DE 1808 EN MADRID"
OU "A CARGA DOS MAMELUCOS";*

UBICACIÓN: Museo do Prado. Madrid.

AUTOR: *Goya*

COMITENTE: Consello de Rexencia.

TEMÁTICA/Función: *patriótica/hca; a G. de
independencia dos franceses. Tema histórico que
influirá no romanticismo. Goya representa o
levantamento espontáneo do pobo de Madrid de
1808.*

ESTILO e Xénero: *PINTURA PATRIÓTICA / HCA.
DO ROMANTICISMO*

CRONOLOXÍA: 1814; S. XIX.

MATERIAIS/TÉCNICA: óleo sobre lenzo.

CARACTERÍZASE: representa o levantamento
contra o exército francés o 2 de maio de 1808, aínda
que o cadro foi pintado en 1814.

DIMENSIÓNS: 268,5 cm x 347,5 cms.

OUTRAS OBRAS: *O Quitasol; A Familia de
Carlos IV; Os Fusilamentos do 3 de Maio ;
Saturno devorando aos sus fillos; A leiteira
de Burdeos;*



É um **TEMA HISTÓRICO**, feito que influirá no **ROMANTICISMO**. Representa o **LEVANTAMENTO ESPONTÂNEO DO POBO DE MADRID**, mal armado, **CONTRA O EXÉRCITO FRANCÉS** o **2 de maio de 1808**.

O quadro foi **PINTADO** em **1814**.


Nos 6 anos do conflito **GOYA** sente o **dilema** entre o seu **PENSAMENTO RACIONAL** **afrancesado** e o seu **PATRIOTISMO**.



A súa fama de afrancesado e ilustrado, levaralle a ofrecerse ao CONSELLO DE REXENCIA para realizar unha serie de cadros sobre o patriotismo tal vez para facer esquecer a súa fama de ilustrado.







Dentro da **ANÁLISE** da **ICONOGRAFÍA**, é necesario dicir que, **máis** que **patriotismo**, **reflicte** a **VIOLENCIA CEGA E IRRACIONAL**.

Relata o **LEVANTAMENTO ESPONTÁNEO** do **pobo** de Madrid, para **impedir** o **traslado** do **príncipe Francisco de Paula** a **Francia** enfrontándose con **rabia e coitelos** aos **MAMELUCOS “soldados exipcios”** ao **servizo** dos franceses e **mellor armados**.



CHAMA A ATENCIÓN que o *desexo* de independencia vaia *unido* a un elemento tradicional ou *ATÁVICO* : *A LOITA CONTRA OS MUSULMÁNS* ou *MOUROS*; do mesmo xeito que durante a *RECONQUISTA*.

No *chan* xacen soldados franceses e patriotas españois cos *BRAZOS ABERTOS*, composición que logo *recollerá* nos “*Fusilamentos do 3 de maio*”.





GOYA pintou 2 obras relativas aos feitos do 2 de maio de 1808, encargo da REXENCIA e FERNANDO VII; un *DÍPTICO*; 2 obras VISUALMENTE COMPLEMENTARIAS e de significado conxunto:


O violento ataque do pobo de Madrid ás tropas de Murat na mañá do 2 de maio.

E a represalia do exército francés.

Para **representar** os feitos da **mañá do 2 de maio**, toma o **COMBATE RUEIRO** contra a **CABALERÍA FRANCESA**, representando aos máis aguerridos e famosos, **OS MAMELUCOS** da **GARDA IMPERIAL**, tropas de elite; figuran tamén un **DRAGÓN DA EMPERATRIZ** e, entre os mortos, un **GRANADERO DA GARDA IMPERIAL**.

Entre os **ASALTANTES ESPAÑOIS**, hai **diversidade**, con **vestimentas de varias rexións**, expresan a **variedade do pobo** que se alzou.





No centro da
COMPOSICIÓN, un
MAMELUCO, cae xa
morto do cabalo pero o
patriota segue
apuñalándolle.



Outro **PATRIOTA** fere con **rabia irracional** ao **CABALO** que non é inimigo de ningún..

GOYA está a manifestar a **IRRACIONALIDADE DA GUERRA**.



Ao **fondo**, as
figuras dos **madrileños**,
cos ollos cheos de rabia
acoitelan coas súas
armas brancas a
xinetes e **cabalos**
mentres os **franceses**
rexentan o ataque e
tentan **fuxir** cos **ollos**
desorbitados incluídos
os **propios cabalos**.

En **RESUMO GRAN**
VIOLENCIA.



En canto a COMPOSICIÓN do CADRO:

É de *curvas, diagonais, escorzos*; é de grandes pinceladas para dar *dinamismo, movemento*, contribuíndo ao RITMO de acción e violencia, *IMPREGNADO DE RABIA*.

A **COR**, de **fortes contrastes**, dase a *grandes manchas* ou pinceladas *rápidas* cun *colorido* de *liberdades* como a **cabeza verde** do **cabalo**, *efecto* da **sombra**.

Rechama a **distribución** do **vermello do sangue** para **acentuar** o **dramatismo** e **violencia**.

No fondo a cidade *difuminada*.





As **GRANDES CLAVES** son:

- O MOVIMENTO e
 - A FORTE EXPRESIVIDADE
- em **rostros desencaixados** e
nos **cabalos** que **queren fuxir**.



A **SIGNIFICACIÓN** do cadro **enlázase** co **fusilamentos do 3 de maio..**

Na **carga dos mamelucos** **signifícase** a **violencia e rabia dos patriotas**, mentres que nos **fusilamentos** **reflíctese a violencia dos franceses.**

En **conxunto** conforman **unha denuncia da guerra.**





Pero, en *realidade*, é unha **DENUNCIA** da **VIOLENCIA** da **GUERRA**.

Hase de **valorar** o **cadro** (os dous) como un **ANTECEDENTE DO EXPRESIONISMO** polos **rostros** e do **ROMANTICISMO** pola **“exaltación do patriotismo”**



En relación co **CONTEXTO do AUTOR** dicir que a **pintura** reflicte as **CRISES individuais e colectivas** que afectan o **pintor e á sociedade**.

A **evolución histórica e pictórica-biográfica** coinciden:



da **ETAPA optimista dos Tapices**, á **xordeira e involución pola RF**, xurde o **ESPÍRITO CRÍTICO E PESIMISMO** nos **GRAVADOS dos CAPRICHOS**.

Na **GUERRA DA INDEPENDENCIA** dáse o dilema entre as **ideas ILUSTRADAS** afrancesadas e o **PATRIOTISMO**, que levará á **DENUNCIA DA VIOLENCIA** e a unha **evolución fundamental** do **ESTILO**:

pinceladas rápidas, soltas, manchas de cor e un gran contido expresivo.

Trala **GUERRA** a volta do **absolutismo** de Fernando VII.



FICHA TÉCNICA:

Francisco de Goya e Lucientes 1746-1828

OBRA- TÍTULO: *Os Fusilamentos do 3 de Maio (1814); ou O 3 de maio de 1808 en Madrid ou Os fusilamentos na montaña do Príncipe Pío.* UBICACIÓN: Museo do Prado. Madrid. AUTOR: **GOYA**

COMITENTE: Consello de Rexencia.

TEMÁTICA/Función: *patriótica/hca; sobre a Guerra de independencia dos franceses.* A función do cadro é a denuncia da crueldade da guerra.

ESTILO e Xénero: *Pintura patriótica/hca. do Romanticismo*

CRONOLOXÍA: **1814; S. XIX.**

MATERIAIS / TÉCNICA: óleo sobre lenzo.

CARACTERÍZASE: o 2 de Maio de 1808 o pobo madrileño amotinouse contra as tropas francesas; ao amencer do 3 de Maio os detidos na noite anterior foron fusilados no outeiro de Príncipe Pío, arredores de Madrid. O cadro foi realizado en 1814 coa volta de Fernando VII, igual que a *Carga dos mamelucos.*

DIMENSIÓNS: 268,5 cm x 347,5 cms.

OUTRAS OBRAS: *O Quitasol; A Familia de Carlos IV; Os Fusilamentos do 3 de Maio; Saturno devorando aos sus fillos; A leiteira de Burdeos;*



O 2 de Maio de 1808 o pobo madrileño **amotinouse** contra as **tropas francesas** que tentaban sacar de Madrid aos membros da familia real para levalos a Francia, onde estaban retidos o Rey e o príncipe de Asturias.

Na Porta do Sol a guarnición mameluca cargou contra a poboación, provocando un auténtico masacre.

Os enfrontamentos sucedéronse toda a noite e ao amencer do 3 de Maio os detidos na noite anterior foron **fusilados sumariamente** no **outeiro de Príncipe Pio**, nos arredores de **Madrid**.

A noticia dos sucesos de Madrid estendeuse rapidamente por España e serviu de sinal para o **comezo dun levantamento xeneralizado**: a **GUERRA DA INDEPENDENCIA**.







Do **TEMA** do **cadro**, sinalar que é un dos 1ºs cadros de **TEMA HISTÓRICO** co **protagonismo** do **pobo**; *influirá* no ROMANTICISMO.

Realizado en **1814** coa volta de **Fernando VII**, igual que a *Carga dos mamelucos*.

Preséntanos a **REPRESIÓN** do **POBO** de **MADRID** tras o *levantamento do 2 de maio de 1808*.



Tal vez o cadro realíceo dentro dunha **proposta** que fixo ao novo **governo absolutista** de realizar unha **serie** sobre os **episodios do levantamento** contra os franceses; tal vez para **facer esquecer** a súa fama de **afrancesado**, pois **GOYA** debátese entre o patriotismo, as ideas afrancesadas e o odio á crueldade da guerra.



Entrando na **ANÁLISE**.

A **COMPOSICIÓN** organízase a partir da **iluminación** dun **FANAL** no chan que **divide** aos **protagonistas** en **patriotas** e **pelotón de fusilamento**:

1ºO GRUPO:


OS PATRIOTAS: Están *individualizados*.

Pódense *distinguir* 3 partes:

1-Grupo de detidos dirixíndose cara á morte

2-Grupo de presos ante o paredón

3-Grupo de axusticiados, mortos en escorzo




Detrás a *montaña de Príncipe Pío* e a *cidade en penumbra*.

Cada grupo ten *unha personaxe* ou varias personaxes *destacadas, individualizadas* e moi *expresivas*:

A) á nosa **dereita** un patriota tápase a cara *arrepiado*, distínguese outro que se morde as uñas

B) no **centro** un patriota abre os brazos en sinal de *aceptación* do seu final, lembra a súa composición a **Cristo** e ata ten un oco, un estigma, na súa man; o cura ou frade reza. Entre os dous, un patriota mans pretas mirando ao ceo.

C) **esquerda** Axusticiado repetindo cos brazos abertos o esquema da figura central.



2º GRUPO

O PELOTÓN de FUSILAMENTO :

En composición que *invade* o *espazo dos patriotas*.

Representados *de costas*; soldados anónimos simbolizando a guerra, como *máquina de matar inhumana*.

Os pés forman **triángulos**, marcando *estatismo*, e os fusís rectos.



LUZ do **fanal** incide no **centro**;
no **PATRIOTA** de **camisa branca** e
pantalón amarelo; a *penumbra*
asulaga a cidade, indiferente aos
feitos.


As **CORES** *distribúense* con
pinceladas soltas e con **manchas** de
cor.

Entre as **cores** *destacan*:

- gama de cor negra /gris;
- gama de *cor* **verde**;
- gama de **ocres** e **marróns**,
- gama **vermello** do **sangue**.



O branco da camisa e
amarelo do pantalón, son cores
máis claras nunha *paleta* máis ben
escura , como a morte.



O **CADRO** presenta gran **EXPRESIVIDADE** nos patriotas:

-No **personaxe central** cos ollos abertos e o estigma da man, é o novo **CRISTO** que padece a irracionalidade da guerra;

-No **patriota** que se morde as uñas.

-No que reza.

As expresións *deformadas* e os contrastes cromáticos fanlle ser **precedente** do **EXPRESIONISMO**.





Non hai heroes nin xenerais vitoriosos.
Son o pobo que morre e o pobo que mata, vítimas e verdugos poden ser
intercambiados.

A **FUNCIÓN** do **cadro** é a **DENUNCIA DA CRUELDADE DA GUERRA**, mais aló da *PURGA para esquecer a fama de afrancesado*.

DESTACA a **PERSONAXE CENTRAL** dos **patriotas**, exemplo de *rebeldía*:

VAI MORRER E SEGUE GRITANDO.



Fronte a eles O
PELOTÓN DE SOLDADOS
FRANCESES, na *penumbra*.

O farol, ou mellor o
FANAL, como no teatro, só
ilumina aos **protagonistas**,
non se lles ve a cara aos
soldados; son a *eficiente e*
anónima máquina de
matar.



*Posiblemente os fusilamentos sexa unha das obras que mais inspiraron a outros artistas como **MANET** ou **PICASSO**.*



FICHA TÉCNICA: FRANCISCO DE GOYA E

LUCIENTES 1746-1828

OBRA- TÍTULO: *SATURNO DEVORANDO A UN FILLO*. **UBICACIÓN:** Museo do Prado. Madrid.

AUTOR: *GOYA*

TEMÁTICA/Función: temática mitolóxica e alegórica. A figura era o emblema alegórico do paso do tempo; Cronos comía aos fillos nados de Rea a súa muller, por temor a ser destronado por un deles.

ESTILO e XÉNERO: *Romanticismo / Pinturas negras; xénero mitolóxico*. A obra pode considerarse un claro precedente do expresionismo do S. XX, polo seu asunto, como pola súa técnica.


CRONOLOXÍA: 1820-23; S. XIX.


MATERIAIS/TÉCNICA: óleo sobre lenzo.

CARACTERÍZASE: A pintura tivo orixinalmente como soporte a parede (pinturas negras); a finais do S. XIX foi trasladada ao óleo.

DIMENSIÓNS: 146 cm x 83 cms.

OUTRAS OBRAS: *O Quitasol; A Familia de Carlos IV; Os Fusilamentos do 3 de Maio ; Saturno devorando aos sus fillos; A leiteira de Burdeos;*






Dentro da ANÁLISE do TEMA, en principio con referencia **mitolóxica** e **alegórica**.

A figura de **Khronos** / Saturno era o emblema alegórico do paso do tempo, pois Cronos *comía aos fillos nados de Rea, a súa muller, por temor a ser destronado por un deles..*

Saturno (en ROMA) ou Khronos (en GRECIA), **deus do tempo, quen derrotara e destronado ao seu pai Urano (deus do ceo), temía ser destronado por un dos seus fillos. Por iso os devora.**







Saturno devorando a un dos seus fillos.

1636 – 37.

RUBENS

Museo do Prado

Saturno xorde da **ESCURIDADE** contrastando a súa **tensión** en pernas, corpo, rostro, co **corpo inerte do seu fillo**, cuxa anatomía é a dunha **persoa adulta** con diferenza entre os **tons claros** do seu corpo e **o vermello do sangue**.



SATURNO:
Presenta unha gran
expresividade:

- Ollos desorbitados.
- Boca moi aberta.

Indican *fereza* que se *acentúa*
nas *mans*, os *dedos* *incrústanse* no
corpo do seu fillo.



A PINTURA tivo orixinalmente de **soporte** a **parede** (pinturas negras); a finais do **S. XIX** é trasladada ao **óleo**.

Na COR: **predomina** a **cor** sobre o **debuxo**; apréciase unha **gama** de **brancos** e **negros** **rota** polo **ocre** das **carnacións** e o **branco** e o **vermello** da carne viva do fillo.

A PINCELADA é **rápida**, **enérxica**, a base de **manchas** con moita **pasta**.



No TRATAMENTO DAS FIGURAS:

Hai certo NATURALISMO de *expresión esaxe-rada e deformada*.

Influirá no EXPRESIONISMO



En relación ao **CONTEXTO** da **ÉPOCA** e do **AUTOR**: estamos na **ETAPA** das **PINTURAS NEGRAS**, tras o regreso do **ABSOLUTISMO** de **Fernando VII**.

GOYA canso e decepcionado comprou unha **casa** xunto ao **Manzanares**, "**A QUINTA DO XORDO**".

Morta a súa **muller** e case todos os seus **fillos** (de 8 viviu só o último) **vivi**u acompañado por **Leocadia Zorrilla** e a súa **filla Rosarito**.

Acabará autoexiliándose, morrendo en **Bordeus** en **1828**.

Pinturas negras: *Dous vellos comendo*



Pintou as **paredes** das **habitacións** coas chamadas **PINTURAS NEGRAS**, tanto pola **cor** que vai **do branco ao negro** e **castaños, dourados verdosos** e algunha nota **vermella**, como pola **significación pesimista, sombría da súa visión do mundo.**

O Aquelarre **ou** *O gran Cabrón.* **1820**



Pinturas negras **Duelo a garrotazos.**

1819-1823



Nestas **PINTURAS**
NEGRAS vemos a *morte*, a
dor, a *estupidez*, a
maldade e a *amargura*.

As **imaxes**,
simplificadas ao **máximo**,
execútanse con **liberdade**
aplicado *manchas* de *cor*
pura, **anticipación** do
expresionismo e do
surrealismo.

Two Old Men Eating Soup. 1820-23



Tamén **desenvolve** os **DISPARATES**, **gravados** **conectados** coas **PINTURAS NEGRAS** con **escenas** **costumistas** de **visión pesimista** .

Disparate n.º 13. «Modo de volar». 1815-24



Gigante sentado. Aguatinta con bruñidor. 1800-1818. Boston, Museum of Fine Arts.



Para finalizar o comentário, sinalar que Saturno devorando a un dos seus fillos” é unha das escenas máis duras da serie das pinturas negras.

Mostra o instante en que está a comer o corpo dun dos seus fillos.

O **Significado:**

Simboliza, *representa,* *personifica,* o **HORROR**, a **DESTRUCCIÓN: SATURNO KHRONOS**, o **paso do tempo, termina con todo**. Obsesión de **GOYA**, devorado el polo tempo que vive.

Algúns críticos apuntan a que a obra simboliza a situación política, co rei absolutista **FERNANDO VII, DEVORANDO AO SEU POBO**.



“A leiteira de Bordeus
Ou
Leiteira de Bordeus,

Último cadro de
Goya, pintado en
1827, un ano antes
da súa morte, no
exilio voluntario en
Bordeus, Francia.